


REFORMA LABORAL do 2012 ao 1900

- Mulleres e xente nova: máis precariedade
- Despedimentos de saldo
- Inseguridade xurídica nas relacións laborais
- EREs ao persoal público
- Se caes de baixa, despedirante
- Supertraballos por minisoldos
- Benvido míster ETT; adeus, negociación colectiva



www.stegsindicato.org



REFORMA LABORAL do 2012 ao 1900



29
de
marzo

FOLGA XERAL

Hai razóns!!

no ámbito xeral:

- Porque a maior parte dos despedimentos serán con indemnizacións de 20 días por ano cun máximo de 12 mensualidades.
- Porque poden despedir por faltar ao traballo 9 días en 2 meses consecutivos ou o 25% en 4 meses discontinuos, no ano.
- Porque as condicións de traballo pódense modificar de xeito unilateral pola patronal por razóns económicas, organizativas ou de produción.
- Porque os ERE non precisan de autorización administrativa laboral.
- Porque os incentivos para os contratos de maternidade quedan suprimidos.
- Porque se facilita a non aplicación do convenio colectivo. O incumprimento poderá facerse cando se rexistren perdas ou diminución persistente do nivel de ingresos ou ventas durante 2 trimestres consecutivos.
- Porque mentres se traballa, a prestación por desemprego pode seguir correndo.
- Se as/os traballadoras/es non están de acordo, poderán optar entre ser despedidos con 20 días ou reclamar nos xulgados do social.

Ou os paramos

ou nolo quitan todo!!

na función pública:

- Os organismos e as entidades do sector público poden alegar causas económicas, organizativas e técnicas para despedir a persoal laboral fixo.
- Porque nos baixan o soldo pero non se grava máis á banca nin ás renda superiores a 100.000 euros.
- Porque a taxa de reposición do profesorado xubilado galego foi, este ano, dun 0%.
- Porque nos aumentaron a idade de xubilación e o período para calculala.
- Porque ao persoal interino se lle pode reducir nun tercio a xornada laboral e o seu salario.
- Porque coa presentación dos orzamentos van vir máis recortes nos servizos públicos.
- Porque todo o que se fixo ata de agora foi recortar dereitos da cidadanía, e os resultados, despois de 4 anos, son: máis paro, menos dereitos, peor estado do benestar, desmantemento dos servizos públicos....Páganos os máis débiles.
- Se non loitamos para deter isto seremos tamén responsábeis desta herdanza para as futuras xeracións.

